



Teaching Guide

Identifying Data					2020/21
Subject (*)	Projects of innovation and educational investigation(research) in training and employment guidance		Code	652606E316	
Study programme	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	Yearly	First	Obligatory	2	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinador	Arza Arza, Neves	E-mail	neves.arza@udc.es		
Lecturers	Arza Arza, Neves	E-mail	neves.arza@udc.es		
Web					
General description	Esta materia converxe coas materias do itinerario de FOL. Ten como finalidade a busca, selección e análise de investigación e de experiencias innovadoras na Formación Profesional, especialmente, na orientación profesional e nos módulos da especialidade de FOL.				
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modifications to the contents 2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy 				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A25	(CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
A26	(CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes



Learning outcomes	Study programme competences / results		
Buscar, seleccionar, analizar e presentar propostas docentes innovadoras nos módulos da especialidade de FOL	AJ25 AJ26		CC1 CC3 CC6 CC7
Comprender e valorar a importancia da innovación e da investigación como ferramentas para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe e para a propia aprendizaxe profesional.	AJ25 AJ26		CC6 CC7
Analizar e valorar ámbitos de innovación e investigación no centro de prácticas	AJ25 AJ26		CC7

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1. A innovación nos módulos e materias da especialidade.	1.1. Conceptos básicos de referencia 1.2. Ámbitos de innovación na Formación Profesional 1.3. Competencias transversais e Obxectivos do desenvolvemento sostible como ámbitos de innovación. 1.4. Experiencias innovadoras en Orientación profesional 1.5. Experiencias innovadoras no módulo de FOL e de Empresa e iniciativa emprendedora
TEma 2. A investigación no ámbito docente e orientador	2.1. Temáticas e metodoloxía 2.2. Estudos de inserción laboral 2.3. Estudos sobre orientación profesional

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Document analysis	A25 A26 C3 C6 C7	4	18	22
Oral presentation	A25 C1 C3 C6	3	2	5
ICT practicals	C3 C6 C7	1	4	5
Student portfolio	A25 A26 C1 C6 C7	4	8	12
Guest lecture / keynote speech	A25	2	0	2
Personalized attention		4	0	4

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Document analysis	As fontes documentais obxecto de análise recollen experiencias innovadoras e pesquisas. Nos dous casos referidas a Formación Profesional, as materias ou módulos da especialidade e a outras etapas educativas, sempre e cando podan ser transferibles á especialidade. Previamente a súa análise, teñen que buscalas e selecciónalas. As experiencias e pesquisas analizadas teñen que incorporarse nun portafolio grupal e teñen que difundirse entre o grupo clase a través dunha ferramenta dixital previamente seleccionada.
Oral presentation	As experiencias analizadas terán que ser presentadas na aula. Para isto dispoñen de 30 minutos e as persoas do grupo deberán de expor a experiencia analizada por outra compañeira/o.



ICT practicals	<p>As practicas a través de TIC céntranse na busca e selección de información, na creación dun marcador social, na delimitación da súa contorna persoal de aprendizaxe e na utilización dunha ferramenta dixital para compartir as experiencias analizadas e comentar e valorar as estudadas polo resto dos grupos.</p> <p>O marcador social e contorna persoal de aprendizaxe é compartida coa materia de Inserción e orientación laboral. Con estas actividades o alumnado exercita competencias dixitais docentes de tres áreas:</p> <p>a) Información e alfabetización dixital (navegación, busca e filtraxe; avaliación da información, e almacenaxe e recuperación de información e contidos dixitais).</p> <p>b) Comunicación e colaboración (compartir información e contidos, colaboración mediante vías dixitais)</p> <p>c) Creación de contidos dixitais (desenvolvemento de contidos dixitais (desenvolvemento e integración e reelaboración de contidos dixitais)</p>
Student portfolio	As experiencias e pesquisas analizadas teñen que incorporarse nun portafolio grupal dixital. O portafolio ten unha parte individual (análise e valoración das experiencias e das fontes) e unha parte elaborada grupalmente sobre o concepto de innovación educativa.
Guest lecture / keynote speech	Coa lección maxistral preséntanse os principais eixos e ámbitos de innovación e investigación nos módulos e materias da especialidade e acóntanse conceptos relacionados coa innovación educativa.

Personalized attention

Methodologies	Description
Student portfolio	A atención personalizada está vencellada principalmente a busca e selección de experiencias e a elaboración do portafolio. As titorías grupais serán presencialmente e a través de Teams. No caso de que se supriman as aulas, para cada grupo de traballa fixarase un calendario no horario de clase para a supervisión do portafolio.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
ICT practicals	C3 C6 C7	<p>A creación do marcador social é grupal. Os criterios de avaliación son o número de recursos incorporados, as etiquetas utilizadas para a súa clasificación e o nivel de descrición e valoración dos recursos incorporados. O peso na cualificación é de 0,75 puntos.</p> <p>A construción da contorna persoal de aprendizaxe é individual, o peso na cualificación é de 0,75 puntos.</p> <p>Os criterios de avaliación e cualificación para cada unha das tarefas recóllense en sendas matrices de valoración que se presentan o primeiro día de clase.</p>	15
Oral presentation	A25 C1 C3 C6	Todas as persoas do grupo expoñen as experiencias analizadas. A cualificación das presentacións vai ser outorgada polo alumnado a partir da valoración dos criterios recollidos nunha escala de valoración.	15



Student portfolio	A25 A26 C1 C6 C7	<p>O portafolio ten unha parte individual e unha parte grupal, elaborada a partir dunha posta en común. A parte individual puntúa até 40 puntos e a grupal 30. Os criterios para a primeira son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Selección (variedade, relación coa FP e coas materias e funcións orientadoras do profesorado de FOL, transferibilidade e valoración das fontes utilizadas)- Descrición das experiencias conforme os criterios previamente fixados.- Valoración das experiencias e da súa transferibilidade. <p>Para a parte grupal os criterios son:</p> <ul style="list-style-type: none">- Concepto de innovación, dimensións, concreción para a FP e as materias da especialidade e fontes utilizadas.- Valoración conxunta das aprendizaxes adquiridas e das experiencias.- Coñecemento e valoración das experiencias do resto dos grupos.- Creación artefacto dixital para a difusión das experiencias, caracterización e valoración sintética das experiencias.	70
-------------------	------------------	--	----

Assessment comments

CUALIFICACION FINAL E REQUERIMENTOS PAR APROBARA cualificación final será o resultado das puntuacións obtidas nas tres actividades, Para superar a materia é indispensable realizar as tres actividades e obter a metade da cualificación (35) no portafolio. **PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA AVALIACIÓN** Unha das premisas é que o alumnado participe na avaliación, consensuando os criterios de cualificación e sendo axente de avaliación a través de procedementos de auto e coavaliación. Por esta razón, os criterios de cualificación poden ser modificados.

SEGUNDA OPORTUNIDADE

Na segunda oportunidade realizarán as actividades non superadas ou non realizadas.

ALUMNADO CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA

Para este alumnado rixe o mesmo sistema de avaliación, coa excepción de que as actividades realízanse individualmente.

INTEGRIDADE ACADÉMICA

Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquer tipo de documento deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 7ª edición.

Plaxio

O plaxio nas actividades de avaliación será motivo de suspenso. Así se recolle no artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC : "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf

Sources of information

